



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Investigación e Innovación en Didáctica das Linguas Iniciais e as súas literaturas		Código	652534012
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuadrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas EspecíficasDidácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Profesorado	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Se atendemos ás competencias, ora xerais ora específicas, principalmente se centrarán na capacidade para resolver problemas, na comunicación oral e escrita na propia lingua, na habilidade no uso das TIC, na capacidade de crítica e autocritica, no compromiso ético, na capacidade para aprender a traballar de forma autónoma, en comprender e posuír coñecementos, na aplicación de coñecementos, na capacidade de emitir xuízos, na capacidade de comunicar e aptitude social, na habilidade para a aprendizaxe, na adquisición dunha formación básica en instrumentos, técnicas e recursos para a investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura, en aplicar coñecementos básicos na construción de instrumentos de investigación e análise de datos coñecemento e análise do marco epistemolóxico da Didáctica da Lingua e a Literatura, na identificación das liñas de investigación na Didáctica da Lingua e a Literatura: investigación centrada en procesos, metodoloxías, contextos, crenzas e contidos, e no deseño e desenvolvemento dun proxecto de investigación no ámbito da Didáctica da Lingua e a Literatura. Estaremos, portanto, a destacar os seguintes obxectivos / resultados da aprendizaxe: - coñecer as características e métodos propios da investigación en Didáctica da Lingua e a Literatura - identificar as principais liñas de investigación nesta Área de Coñecemento - deseñar un proxecto de investigación utilizando unha metodoloxía coherente e adecuada aos obxectivos do estudo - saber describir e contextualizar os problemas específicos relacionados coas metodoloxías de investigación no ámbito das Ciencias Sociais (sen deixar á parte os das Humanidades). Atenderase ao desenvolvemento de proxectos interdisciplinares innovadores orientados á adquisición das habilidades docentes e de investigación didáctica, á planificación de procesos de elaboración de proxectos interdisciplinares que integren de maneira coherente a identidade curricular das didácticas específicas e á incorporación dos proxectos de innovación, procedementos e criterios para la avaliación conxunta da actividade docente e a aprendizaxe das diferentes didácticas específicas.	AM10	BM1	CM1
	AM12	BM4	CM3
	AM13	BM6	CM6
	AM14	BM8	CM9
	AM15	BM11	CM12
	AM16	BM13	
	AM17		

Contidos	
Temas	Subtemas



1. A INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN LINGÜÍSTICA E LITERARIA	1. 1. Conceptualización, características e paradigmas. Principais liñas e ámbitos de investigación
2. INNOVACIÓN PARA UN MELLORAMENTO DO PROCESO EDUCATIVO EN EDUCACIÓN LINGÜÍSTICO-LITERARIA	2. 1. Conceptos fundamentais en innovación educativa. Modelos e tendencias. Análise de prácticas efectivas e deseño de ferramentas e recursos de innovación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 B1 B4 B6 B8 B11 B13 C1 C3 C6 C9 C12	7	20	27
Traballos tutelados	A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 B1 B4 B6 B8 B11 B13 C1 C3 C6 C9 C12	11	16	27
Actividades iniciais	A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 B1 B4 B6 B8 B11 B13 C1 C3 C6 C9 C12	3	13	16
Atención personalizada		5	0	5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Trátase de presentar a cadeira através do significado da Área e o achegamento bibliográfico, que se ofrecerá, atendendo ás necesidades do alumnado, nas sesións aulares
Traballos tutelados	Procurarase, através de debates, postas en común, exposicións e/ou participacións activas, que o grupo se implique e descubra o significado da investigación en DLL galega
Actividades iniciais	Ofreceráse un abano amplo para que os alumnos e alumnas elixan o que queren facer, propóndolles a realización dun ou varios traballos que se deberán expor publicamente nas aulas

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades iniciais con traballo bibliográfico e análise de fontes de información. Discusión e desenvolvemento das liñas que rexen no ámbito da DLL, especial e loxicamente no espazo da cultura galega
Aprendizaxe colaborativa	Traballos titorizados que o propio alumnado decida construír, coa axuda e a guía do docente, que lles proporcionará bibliografía e pautas para o seu desenvolvemento
Traballos tutelados	Aprendizaxe colaborativa através de postas en común, exposicións, discusións e traballos de baleirado de información, resumos e traballos puntuais Por outra parte, dado que a asistencia é un deber e obriga do alumnado, non se permitirá a dispensa de asistencia ás aulas e valorarase a asistencia e o interese aular

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Actividades iniciais	A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 B1 B4 B6 B8 B11 B13 C1 C3 C6 C9 C12	Realización de traballos titorizados a respecto de resumos, consultas e realización de proxectos que lles poidan ser de interese ao alumnado. Neste sentido, trazarase e acordarase co grupo que tipo de traballos se realizarán, ofrecéndolles variedade e atendendo ás súas necesidades e/ou gustos	60
Aprendizaxe colaborativa	A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 B1 B4 B6 B8 B11 B13 C1 C3 C6 C9 C12	Consulta e baleirado de fontes bibliográficas e presentación do que é o mundo da investigación en DLL galega	20
Traballos tutelados	A10 A12 A13 A14 A15 A16 A17 B1 B4 B6 B8 B11 B13 C1 C3 C6 C9 C12	Postas en escena e postas en común, participación aular e demostración de enteireza á hora de afrontar unha sesión aular	60

Observacións avaliación

Consistirá na asistencia ás aulas, na participación aular e na realización dun traballo de investigación ou ben unha proba exame. Sobre disto informarase no primeiro día de aulas. Valorarase, portanto, a participación e a asistencia ás aulas, non estando admitida a dispensa total ás aulas. Xa que logo, para aprobar só se poderá faltar a un 20% das sesións

Fontes de información

Bibliografía básica	A bibliografía de consulta, amais de descubrila nas aulas, entregarase durante o primeiro día e irase descubrindo ao longo das aulas. Loxicamente, partirase das propias investigacións do docente no ámbito da DLL
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Atenderase especialmente aos conceptos de interdisciplinariedade e investigación no ámbito das Ciencias Sociais e as Humanidades

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías